



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 134

Sesión plenaria
28 de xullo de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único.

Elección de candidato ou candidata para a cobertura de vacante no Consello de Contas de Galicia (11/DMCC-000003).



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e trinta e cinco minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión, que consta dun punto único. (Páx. 4.)

Elección de candidato ou candidata para a cobertura de vacante no Consello de Contas de Galicia

O señor presidente describe os preceptos regulamentarios e o procedemento da votación para a elección do candidato, que é o voto en urna por chamamento. (Páx. 4.)

A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento das señoras e dos señores deputados, que acoden a depositar o seu voto na urna. (Páx. 4)

Rematada a votación, procédese ao escrutinio. (Páx. 4.)

Votación para a elección do candidato ou candidata para a cobertura dunha vacante no Consello de Contas de Galicia: votos emitidos, 75; votos a favor de don Juan Carlos Aladro Fernández, 75. (Páx. 5.)

Don Juan Carlos Aladro Fernández resulta elixido membro do Consello de Contas de Galicia.

Remata a sesión ás dez e corenta e cinco minutos da mañá.



Ábrese a sesión ás dez e trinta e cinco minutos da mañá.

Ábrese a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Non hai xustificación de inasistencia e, polo tanto, entramos na orde do día, que consta dun único punto.

Elección de candidato ou candidata para a cobertura de vacante no Consello de Contas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Todo isto farémolo de acordo co procedemento que se estableceu. Unha vez iniciado este procedemento para a elección de candidato para a cobertura dunha vacante do Consello de Contas de Galicia polo acordo da Mesa do 11 de xullo de 2023, e admitida a trámite a candidatura presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a Mesa do Parlamento, logo do acordo da Xunta de Portavoces do 18 de xullo, substanciada a preceptiva comparecencia perante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior na sesión do mesmo día, acordou convocar sesión plenaria extraordinaria para a súa elección.

Para os efectos da votación, confeccionouse unha papeleta co nome da persoa proposta, don Juan Carlos Aladro Fernández.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeleta e chamamento por orde alfabética de apelidos. Resultará elixido o candidato se obtén a maioría dos tres quintos —é dicir, 45 votos—. A expresión do voto efectuarase do seguinte xeito: serán votos a favor se se introduce na urna unha papeleta na que conste o nome do candidato proposto e leve unha aspa no recadro correspondente; serán votos en branco de non marcarse ningún recadro; serán votos nulos cando se introduzan papeletas diferentes ou aquelas en que se escriban outros nomes de persoas ou que conteñan riscadas ou sinais distintos daqueles que sirvan para concederlle o voto á persoa proposta.

Polo tanto, supoño que xa teñen as papeletas e entón comezamos a votación por chamamento, que o fará a secretaria da Mesa, dona Corina Porro Martínez.

Prégolles á vicepresidenta primeira, señora Candia, e á vicesecretaria, señora Ortega, que se sitúen á beira da urna para a votación.

Encomezamos.

(A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento das señoras e dos señores deputados, que acoden a depositar o seu voto na urna)

O señor PRESIDENTE: Unha vez que xa votaron todas as deputadas e todos os deputados, procedemos ao escrutinio.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)





O señor PRESIDENTE: Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: votos emitidos, 75; votos a favor de don Juan Carlos Aladro Fernández, 75. Non hai votos en branco nin votos nulos.

Polo tanto, ao acadar a maioría dos tres quintos, proclámanse elixido como membro do Consello de Contas don Juan Carlos Aladro Fernández.

Remata aquí, polo tanto, este pleno.

Remata a sesión ás dez e corenta e cinco minutos da mañá.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

